



O día **23 de xaneiro** esta convocado o exame de OPE de persoal de Enfermaría e Médicas/os de Familia. E como en OPEs anteriores, o persoal que vai participar neste proceso e que está vinculado no SERGAS está a sufrir, unha vez máis, a incompetencia da Administración.

Aínda que a [publicación en DOG](#) da data do exame foi onte día 11 de xaneiro, non é menos certo que esta data [está anunciada desde hai tempo](#) .

Tempo suficiente para que as xerencias organizasen as quendas de traballo dese día, facilitándolle ao persoal poder concorrer neste proceso nas mellores condicións posíbeis.

Desde a **CIG-SAÚDE** esiximos da dirección de RRHH do SERGAS que se ditén unhas instrucións dirixidas ás xerencias, para que se lle conceda a todo o persoal que vai participar nesta OPE, e en función da súa quenda de traballo, **un permiso que vaia desde a quenda de noite do día 22/01/2016, e inclúa as quendas de mañá, tarde e noite do día 23/01/2016**

·

É obriga dunha empresa pública, e dos seus xestores, facilitar as mellores condicións para que as/os traballadoras/es poidan consolidar con carácter definitivo un posto de traballo. De precariedade laboral xa imos fartas/os!

- [Documento de Instrución sobre permisos emitido polo SERGAS para esta OPE](#) .